

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA A IMPLEMENTACIÓN DE LIÑAS DE ACTUACIÓN DO PLAN INTEGRAL DE TURISMO DE GALICIA.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio en Praza de Mazarelos, 15, código postal 15703, Santiago de Compostela, en calidade de Directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 34/2013, do 21 de febreiro, e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, _____, con D.N.I. número _____, en calidade de Presidente da Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (en adiante, CTG), con NIF G70377338, e domicilio social de notificacións no _____, elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do CTG do 4 de abril de 2014, e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 22 dos estatutos da entidade.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,



EXPOÑEN

- I.** Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.
- II.** Que é de interese xeral para Galicia a mellora da competitividade do sector turístico de Galicia, para o que se elaborou por parte da Axencia Turismo de Galicia un Plan Integral de Turismo de Galicia (PITGA) que foi aprobado en febreiro de 2014.
- III.** Que a colaboración co sector privado é fundamental para acadar os obxectivos fixados no PITGA, xa que solo a colaboración público-privada poden acadar os resultados esperados.
- IV.** Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.
- V.** Que a Axencia Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público-privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente convir co CTG. As liñas de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia para dar cumprimento ao obxecto deste convenio son as seguintes:

- a) Formación e mellora na cualificación dos equipos humanos do sector turístico galego, con especial énfase nos cadros directivos das empresas.
- b) Celebración de xornadas divulgativas ou conferencias de interese para o sector turístico.
- c) Fomentar o talento e o aproveitamento das novas tecnoloxías.

En consecuencia e, dado o interese coincidente da Axencia Turismo de Galicia e do CTG, ambas partes acordan a formalización dun convenio de colaboración plurianual para a implementación de liñas de actuación do Plan Integral de Turismo de Galicia de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

1. O obxecto do presente convenio é definir as liñas básicas da colaboración público-privada co CTG para a promoción e a implementación de liñas de actuación do Plan Integral de Turismo de Galicia (PITGA) e en concreto para o ano 2016 a mellora na cualificación dos equipos humanos do sector turístico galego, con especial énfases nos cadros directivos das empresas, co obxecto de mellorar a nosa competitividade a través da calidade na prestación e na xestión da actividade turística.

2. Este obxecto concrétese nas seguintes actuacións:

- a) Programa de formación para directivos turísticos. Desenvolverase un programa de alta calidade destinado a formación dos cadros directivos das empresas turísticas galegas. Seguirase unha metodoloxía eminentemente práctica, utilizando o método do caso e utilizando dinámicas grupais para unha mellor comprensión dos contidos. A duración mínima será de 60 horas. O obxectivo é superar un mínimo de 15 directivos neste programa.
- b) Realización unha xornada con relatores de recoñecido prestixio a nivel estatal. Esta xornada realizaranse en horario de mañá e/ou de tarde e estarán orientados a asociados (directos ou indirectos) do Cluster de

Turismo de Galicia. O obxectivo é superar un mínimo de 50 participantes neste programa.

- c) Programa de mellora das habilidades de comunicación orientado a profesionais do sector de turismo. Trátase dun programa realizado a partir de dinámicas de presentación e como estruturar una presentación en público. O obxectivo é superar un mínimo de 15 participantes neste programa.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio durante o ano 2016 é de 60.000,00 -€ (IVE incluído) que se corresponden con accións de formación e mellora na cualificación dos equipos humanos do sector turístico galego, organización de xornadas ou conferencias, mentorizaxe e de fomento do talento e o aproveitamento das novas tecnoloxías, co seguinte desagregamento:

ACTUACIÓN	IMPORTE
Catro seminarios de 1 día de duración (8 horas cada un deles)	9.000,00 €
Un programa de dirección dun mínimo de 60 horas	20.000,00 €
Xornada de Peche con dous ponentes de primeiro nivel	14.000,00 €
Tres edicións de Talleres de habilidades de comunicación (8 horas)	4.600,00 €
Cinco Talleres (8 horas cada un) cun enfoque técnico	7.450,00 €
Coordinación	4.950,00 €
TOTAL	60.000,00€

Os conceptos descritos neste cadro poderán sufrir variacións sempre que non se altere a contía total do convenio, que en todo caso terá carácter de máximo.

A Axencia Turismo de Galicia achegará o 100%, isto é 60.000,000.-€ con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.770.0 "Fomento turismo empresas turísticas", código de proxecto 2015 00005, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.



A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de execución do servizo, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que o CTG obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

Terceira.- Obrigas do CTG

O CTG comprometese a:

1. Entregar á Axencia Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas.
2. Executar o orzamento convido.
3. Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
4. Incluír a “Marca Galicia” en todas as actividades de promoción obxecto do presente convenio de colaboración (folletos, publicacións e demais documentación).
5. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
6. Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Cuarta.- Compromisos da Axencia Turismo de Galicia

A Axencia Turismo de Galicia se compromete a colaborar co CTG para a mellor consecución dos fins comúns deste convenio, e en particular mediante as seguintes actividades:

1. Apoio técnico e profesional nos protocolos de traballo, información e funcionamento que deseñe o CTG para a implementación das actividades.



2. A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a este convenio, unha vez que esta entidade achegue as correspondentes facturas acompañadas dos xustificantes de pagamento das actuacións realizadas

Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Sexta.- Xustificación de fondos e pagamento

Con carácter xeral, considéranse gastos imputables ao presente convenio aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades obxecto do mesmo.

Os gastos deberán realizarse e ser efectivamente pagados antes do 10 de decembro de 2016.

No mesmo prazo o CTG deberá presentar ante a Axencia Turismo de Galicia a solicitude de pago e a xustificación que se efectuará segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

- a. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos obxectivos do presente convenio, con indicación das actividades realizadas.
- b. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, de ser o

caso, data de pago. No caso de existir desviacións con respecto ao orzamento, indicaranse, e o seu motivo.

c. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior.

d. A documentación acreditativa do pago, mediante a presentación de transferencias bancarias, certificacións bancarias orixinais ou extractos de pagamento. Non se admitirán pagamentos en efectivo.

e. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.

f. Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade do IBAN onde se debe realizar o pagamento, na que conste a razón social e o NIF do CTG.

g. No seu caso, os tres orzamentos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h. No seu caso, a carta de pago de reintegro nos supostos de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Con anterioridade á xustificación das actuacións, CTG presentará unha declaración de “outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades”. Así mesmo presentará unha declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas CTG deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido CTG, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio.

De conformidade co disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no caso do IVE só será subvencionable a proporción deste que non resulte compensable nin se poida repercutir polo CTG, o que será axeitadamente xustificado pola entidade beneficiaria no momento de presentar a documentación xustificativa establecida nesta cláusula.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.



O CTG autoriza expresamente á Axencia Turismo de Galicia para que realice a comprobación telemática de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sétima.- Pagamentos anticipados e pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2016 por un importe máximo do 50% de conformidade co disposto no artigo 63.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta. Os ditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. O importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados que no seu caso se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario (48.000,00 €).

Para proceder ao seu pagamento, CTG deberá enviar a documentación relacionada na cláusula sexta referida á xustificación. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

Os pagos a conta e os pagos anticipados deberán estar garantidos de conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das contías pagadas a conta ou das cantidades anticipadas.



Oitava.- Dirección técnica, medios humanos e materiais

O CTG, como entidade executora das actuacións recollidas no presente convenio, co obxecto de garantir a adecuada execución das mesmas, comprométese a asumir a dirección técnica, debendo proceder en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, á subcontratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións previstas no presente convenio, podendo subcontratar **totalmente as actividades previstas**, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia .

En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir CTG para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante CTG, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.



- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as partes e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa a Axencia Turismo de Galicia de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a mencionada entidade responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

Novena.- Comisión mixta de seguimento e control

Constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento e Control do convenio, formada por tres representantes da Axencia Turismo de Galicia e tres do CTG, co obxecto de realizar un seguimento do cumprimento do convenio, interpretar as cuestións sobre as que existan dúbidas, así como para resolver as controversias que xurdan na aplicación deste convenio.

Esta Comisión reunirase de xeito ordinario cada **tres meses**, e de xeito extraordinario cando o solicite algunha das partes.

A presidencia da comisión será exercida pola Directora da Axencia Turismo de Galicia, que terá voto de calidade.

Os acordos da comisión serán adoptados por maioría de votos, e serán inmediatamente executivos.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, este convenio comunicárase á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Undécima .- Natureza e réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), que os exclúe expresamente no apartado d) do parágrafo primeiro do artigo 4.

É de aplicación ao convenio a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, pola demais

normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio. Estas resolucións porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Duodécima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio:

1. O incumprimento total do seu obxecto.
2. O incumprimento total de calquera das cláusulas que nel se establecen.
3. O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
4. O mutuo acordo das partes asinantes

Décimo terceira.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata a completa organización e finalización das actividades e a liquidación das obrigas resultantes, rematando en todo caso o 10 de decembro de 2016.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia
A directora de Turismo de Galicia

Polo Clúster Turismo de Galicia
O Presidente do CTG

M^a Nava Castro Domínguez